

0. Os protagonistas	3
1 A morte da tradición, a adecuación e invención da tradición e a innovación: a procura da modernidade.....	5
1.1. A morte da tradición	7
1.2. Adeuación e invención da tradición.....	7
1.3. A innovación.....	10
2. Máquinas e individuos nunha sociedade aberta e competitiva: o velocipedismo....	15
CONCLUSIÓN.....	22
BIBLIOGRAFÍA:	24
PRENSA	21
ARQUIVOS.....	21

CIVILIZAR O CORPO E MODERNIZAR A VIDA: XIMNASIA, *SPORT* E MENTALIDADE BURGUESA NA FIN DUN SÉCULO. GALICIA 1875-1900

Andrés Domínguez Almansa

Departamento de Historia contemporánea. Universidade de Santiago.

Na sociedade galega destes inestables inicios do século XXI, ao igual que sucede no resto do mundo chamado occidental, o entorno privado e os posicionamentos individuais semellan imporse sobre o que represente acción colectiva. Froito disto, o asociacionismo, feito ao que os historiadores teñen adicado moitas páxinas, cotízase como un valor á baixa. Pero dentro deste fráxil e recuante mundo, a sociabilidade deportiva mantense estable ou medra, especialmente entre as xeneracións máis novas.

Se do eido asociativo pasamos revista a outros campos, atopamos no deporte un valor solidamente establecido na vida privada, na prensa, na economía e na política. E os deportistas de elite - metafóricos herdeiros, máis ou menos enriquecidos, dos antigos saltimbanquis e acróbatas - disfrutan das máis altas cotas de popularidade e recoñecemento social.

O feito deportivo, sexa como espectáculo, como medio para procurar unha mellor calidade de vida ás xentes ou como un elemento da cultura europea e mundial, ten que ter unhas orixes e un desenvolvemento que o situen na posición que ocupa nas actuais sociedades occidentais, e que comeza a ocupar en gran parte do mundo.

Pescudar nos inicios e evolución do fenómeno deportivo debe ser pois unha tarefa de indudable interese para os investigadores que queran, con rigor, explicar e dotar de significado ou significados este importante feito do presente. Pero tamén, especialmente no caso dos historiadores, axudar a entender e analizar dende novas perspectivas a sociedade e o contexto social no que esta actividade nace, se reproduce e...medra.

Este traballo, elaborado dende o enfoque da Historia cultural e das mentalidades e coa Historia social como hourizonte globalizador, tentará achegarse ás orixes da ximnasia e o *sport*

- como durante bastante tempo se lle chamaría a esta moda importada de Inglaterra - na Galicia do último tercio do século XIX. Faremos un percorrido dende Vigo, ás portas do primeiro ximnasio organizado en Galicia (1879) para chegar en 1900 a calquera das cidades galegas acompañados dunha bicicleta, símbolo dunha sociedade que manifestaba a través dela unha mentalidade nova, ao seu entender moderna e civilizada, en sintonía coa admirada Europa.

O estudio dos inicios e afianzamento no mundo urbano galego, de variadas manifestacións atléticas é un elemento central deste traballo pero así mesmo o seu autor, ten a ambición de dar un paso cara ao coñecemento desa confusa e difusa clase chamada burguesía, e, a través dun elemento básico de sociabilidade como é o deporte, reflectir a súa importante presenza - falando en termos cualitativos - na sociedade; o seu protagonismo como dinamizadora social e a súa capacidade para implantar mentalidades e costumes, en definitiva: un xeito de vida.

O obxectivo do artigo será pois amosar como a través do deporte, elemento inequivocamente unido polos historiadores á cultura urbana e burguesa do século XIX, esta vai penetrando en Galicia, asentándose entre diferentes grupos urbanos que farán seus os ideais da mentalidade deportiva, dende unha vida máis sá ata a valoración rigurosa do tempo, dende o ocio ata a competición.

0. Os protagonistas

Observando a prensa do XIX, podemos decatarnos de que o exercicio físico como elemento de diversión non era alleo ao mundo da aristocracia galega, que practicaba entre outras actividades a caza e a equitación e dende finais do século, membros desta clase e persoeiros destacados da política, como Elduayen, posuían veleiros que se mecían nas augas dos portos galegos. Co éxito social dos balnearios moitos homes e mulleres destas elevadas clases coñeceron deportes que os seus homónimos ingleses practicaban durante os veraneos na Toxa ou Mondariz, especialmente o cricket, verdadeiro deporte nacional en Inglaterra.

Pero para a historia do deporte como fenómeno social, estas prácticas deportivas aristocráticas apenas serán relevantes, xa que só terían coma fin o lecer sen nengunha outra implicación social. Cando verdadeiramente o exercicio físico e o deporte pasaron a cobrar un protagonismo na sociedade, ou polo menos a sentar as bases para o seu posterior éxito social, sería no momento en que uns individuos, seguindo os cánones do que acontecía nos demais

países de Europa, atribúisen ás prácticas deportivas uns valores e unhas virtudes útiles para si mesmos e por tanto útiles para a sociedade. A partir de aí organizarían sociedades, practicarían con asiduidade diferentes deportes e promoverían o seu éxito entre os seus iguais ou entre outros grupos que participaban do seu mesmo universo mental.

Os datos dos que nos podemos server para presentar aos que protagonizaron e consolidaron esta mentalidade modernizadora e favorable ao exercicio físico como práctica individual e colectiva, sinalan ás burguesías locais.

Se tomamos como exemplo o caso dos fundadores do ximnasio de Vigo, ou da sociedade venatoria desta mesma localidade, atopámonos con nomes destacados do comercio, das casas consignatarias navieiras e cos que posteriormente comezarían a dar os primeiros pasos cara ao mundo da industria e o capitalismo, fundando conserveiras modernas, asteleiros e en 1900 o Banco de Vigo¹. Tamén en Compostela tras a fundación do ximnasio estaría a Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, onde xunto a persoaxes do mundo económico resaltan membros da cultura como Salvador Cabeza de León (REVISTA DE LA SOCIEDAD ECONÓMICA DE AMIGOS DEL PAIS DE SANTIAGO, 30-VI-1888).

Tanto Santiago como Vigo serven de mostra para comprobar o que sucede no resto de Galicia. Compre ademáis ter en conta que o discurso destes grupos sociais sería acollido por outros colectivos, así nesta época finisecular distintos profesionais liberais como médicos, avogados e xornalistas incrementaban o número de deportistas ou seguidores do fenómeno deportivo a eles iríansele sumando altos empregados da administración. Así o facía constar o diario coruñés *La Voz de Galicia* cando no seu número do 25 de maio de 1896 citaba como

¹ En 1879, ano da fundación do ximnasio de Vigo, este contaba con 37 socios, todos destacados membros da vida económica e social local: Nestor Pardo, Fernando Conde, Antonio Conde Domínguez, Francisco Mendoza, Julian A. García, José Martínez, Ceferino Posada, Eduardo Posada, Jacobo Conde, Mariano Carsi, Teodomiro Coca (fillo), José Buenaga, Francisco Serra, Luis García, Francisco Gil, Manuel A. Blanco, J. Rivas Matos, Pascual Serra (fillo), Antonio Curty, Salvador Aranda, Gerardo Sensat, Idefonso López Hediger, Enrique Carreras, Ventura González, Alejandro Molíns, Camilo Molíns Carreras, José España, Julio Curbera, José Curbera, Francisco Sampera, Manuel Conde, Martín Domínguez, Joaquín Domínguez, Manuel Serra, Juan Campañell, Jacobo Domínguez e Timoteo Blein. (FARO DE VIGO, 3-XI-1879).

ciclistas en ciernes ao gobernador interino, ao oficial primeiro do goberno civil e ao director de obras provinciais, entre os médicos destacaba a figura do afamado señor Rodríguez, vinculado ao federalismo e ao movemento obreiro.

Burguesía comercial, profesionais liberais, cargos das administracións e tamén mozos e mozas estudantes e considerados pola prensa como de boa familia serían os pioneiros dunha actividade que comezou como moda dun mundo que se modernizaba, pero arraigou de tal maneira na sociedade que vivía esa modernización, que, lonxe de desaparecer, incrementou a súa presenza no seguinte século, formando parte xa da vida das xentes, e algo máis...

Unha vez perfilados os precursores do exercicio físico pasaremos a ver como ao longo do último tercio do século XIX estes rexeitarían ou acollerían diferentes prácticas físicas ou deportivas en función da súa mentalidade e o seu costume.

1. A morte da tradición, a adecuación e invención da tradición e a innovación: a procura da modernidade.

Baixo este epígrafe, evidentemente influenciado pola obra de Hobsbawm, achegarémonos ás orixes da cultura deportiva en Galicia dende dúas perspectivas. A primeira integra a realidade galega nun contexto amplo, europeo, seguindo a tese do historiador italiano Stefano Pivato que en diferentes traballos (1991, 1992) rexeita a idea de vincular mecanicistamente o nacemento do fenómeno deportivo coa sociedade industrial, produto isto dun descoñecemento cáseque absoluto da cultura urbana.

Pivato amosa como na Italia do 700 e o 800 nas cidades a festa, o xogo e o espectáculo non eran secundarios na organización social e como diversos xogos de pelota, con séculos de existencia, pasaban a ser controlados, practicados, regulamentados e unificados pola burguesía. Nesta mesma liña situaremos os primeiros pasos da actividade lúdico-deportiva en Galicia.

A segunda perspectiva queda limitada ao que acontece xa no espazo galego. Comprobaremos como non todos os xogos ou actividades lúdicas e físicas do pasado corren a mesma sorte, así as de tradición rural irán esmorecendo, mentras as de pasado elitista coñecen primeiro unha adecuación á mentalidade burguesa e logo unha meirande popularización, caso da caza. Outras prácticas con sabor popular pero arropadas polas clases acomodadas locais, arraigadas na costa, especialmente no ambiente urbano ou vilego e pesqueiro, como as competicións de remo, lonxe

de esmorecer evoluen para posteriormente convivir baixo o epígrafe de *tradicionais* cos deportes importados primeiro de Inglaterra e logo de Estados Unidos.

1.1. A morte da tradición

Maxinemos un día de asueto, quizáis durante unha romaxe, nunha aldea, vila ou incluso cidade de calquera punto da xeografía galega. Se o azar así o quixera, porque estas cousas tiñan moito de improvisación, parellas compostas de mozo e moza, fortemente abrazados, baixarían dando tumbos pola suave vertente dunha ladeira, competindo e amosando a súa fortaleza. Pero á vez que puñan a proba os seus músculos, aproveitarían a ocasión para liberar outras enerxías, e así a contenda física daría paso á expansión de sentimentos aínda máis paixoais.

Se un bo burgués, defensor do exercicio físico - tanto do fomentado nos ximnacios de Alemaña, Suecia, Italia ou Chequia, como do *sport* de Inglaterra - seguidor de Lindt, de Coubertin ou de calquera outro teórico da cultura física, contemplase esa escena, quedaría escandalizado por atentar contra os seus principios. A súa concepción da hixiene e da modernidade, unida a unha mentalidade rexeneradora non lle permitirían pensar que aquela loita fora ou puidera chegar a ser un exercicio atlético admisible.

Con este exemplo extremo dun xogo físico que Carré Aldao (CARRERAS CANDI, s.d.) atribúe á tradición galega, temos plasmado como, debido ás concepcións cívicas e culturais, xunto ao distanciamento social, material e vital existente entre as capas populares e a burguesía, chamada a introducir a educación física e o deporte en Galicia, esta non concebú en ningún momento a idea de adaptar e adecuar aos seus gustos os xogos físicos tradicionais. Cousa que si fixeron os ingleses a principios do século XIX, cando aínda a nobleza rural e os campesiños participaban xuntos en determinadas actividades lúdicas.

A burguesía galega, ao igual que a de todo o continente, adicárase á ximnasia e posteriormente importaría os xogos xa elaborados e regulamentados pola *middle class* inglesa.

A meirande parte dos xogos físicos de tradición popular, difíciles de datar cronoloxicamente, comezarían a esmorecer no século dezanove - quizáis dende a súa segunda metade e comezando polas cidades - facéndose complexa a súa catalogación e vixencia nos anos vinte en boa parte da xeografía galega, como así o describe Carré Aldao (CARRERAS CANDI, .d.).

1.2. Adecuación e invención da tradición

A burguesía, ou polo menos unha parte dela, podía ser enemiga da tradición popular, pero non do pasado, sobre todo se ese pasado tiña unhas connotacións fortemente aristocráticas. Así durante o século XIX a equitación, a esgrima ou a caza convertíronse tamén en pasatempos burgueses. Sen embargo ao amparo dunha crcente nova mentalidade dos últimos anos do século paulatinamente o gusto polo florete mingou a favor das poleas, e o cabalo tivo que compartir as ruas e camiños coa bicicleta. En canto á caza seguíuse practicando, chegando co tempo a converterse nun deporte verdadeiramente popular. Pero esta actividade, que podería seguir sendo para moitos como orixinada na noite dos tempos, adoptaría unhas leis, unha sociabilidade e un estilo completamente contemporáneos.

Ao amparo dunha lei de 1876, todo o que quixera cazar tería que respetar unhas vedas, posuir unha licencia e en todas as cidades de Galicia ofrecíase a posibilidade de unirse a unhas sociedades venatorias, que con fins rexeneracionistas e proteccionistas, íanse organizando. A primeira delas, segundo os datos barallados, contituíase en Vigo, como unha sección do Ximnasio (ARQUIVO MUNICIPAL VIGO (A.M.V.), SOC.7).

No que atinxe á caza, a burguesía urbana ía adecuar esta antiga actividade - anos antes lúdica para os señores e económica para os labregos e anos despois tamén, con máis ou menos matices - á súa mentalidade, guiada por ideais rexeneracionistas e racionalistas e tamén por unha visión de Estado, porque acabar coa caza era amputar unha parte da riqueza do país, tanto cinxética como turística, nunha época na que a conxunción de saúde e ocio, propagada por toda Europa podería atraer xentes, forasteiras ou non, aos balnearios, ao mar ou a unhas montañas nas que abundara o rebeco, o corzo e o xabarín.

Nadie que no sea miope, no de los ojos de la cara sino también de los de la inteligencia, ó que no se halle aferrado a prehistóricas costumbres y á necias preocupaciones podrá olvidar o no darse cuenta de la importancia de las sociedades de caza y pesca en beneficio de la riqueza nacional (ALARCÓN, T., 1900).

Ao igual que no caso da caza, a burguesía finisecular ía adecuar outras dúas actividades de carácter físico, o frontón e o remo, ao seus gustos. Actividades que os burgueses

contemplarían como espectáculo ocasional e non como práctica deportiva cotiá. O frontón, moi popular nas cidades que se preciaran do Estado, entre as que habería que incluír a Vigo e Coruña, tería o seu ascendente nun xogo de pelota que as elites do antigo réxime en Europa gostaban practicar, especialmente en Francia que cedeu á posteridade a sá de xogo de pelota máis famosa da historia. O xogo foi perdendo prestixio ata que practicado maioritariamente por mozos das clases populares bascas, e convertido nun divertimento da burguesía bilbaina, madrileña ou coruñesa, baixo o nome de frontón, e debidamente regulamentado, gozou dunha corta etapa de prosperidade, entendido como espectáculo moderno, para acabar retrocedendo pola xeografía ibérica ata circunscribirse ás terras bascas e limítrofes, como deporte tradicional na espera de mellores tempos.

O remo, debido ao carácter pouco marítimo da Península, quedaría vinculado ás zonas costeiras, concretamente ás do Norte. Como o marco territorial desta investigación é o espacio galego, a el imos circunscribirmos para asistir á invención dunha tradición: as regatas de traíñas.

O remo, competición física - de orixes incertas pero que cando menos remontamos aos anos cincuenta - desempeñada por xentes do común e organizada nas festas polas burguesías locais, lonxe de esmorecer, nas últimas décadas do século cobrou novos bríos. Esa mesma burguesía que rexeitaba os xogos tradicionais non tiña ningún impedimento en potenciar, organizar, regulamentar e participar, maioritariamente como xuices, nuns torneos que controlaban dende décadas atrás e que compartían como espectáculo coas clases populares: *Ascendían de quinientos los (espectadores) que en setenta botes se mecían por las tranquilas aguas de la ría y á dos mil los que ocupaban los muelles y el malecón* (FARO DE VIGO, 17-8-1880).

Esas regatas realizábanse en distintas modalidades de embarcacións: faluchos, chinchorros... habituais nos portos pesqueiros de Bouzas, Vigo, Vilagarcía, Coruña ou Ferrol. Embarcacións que os mariñeiros utilizaban como medio de vida e nas que en ocasións puntuais, xunto ás tripulacións dos buques de guerra, participaban nunha actividade lúdica que lles podería reportar algún diñeiro extra, pero nunca prestixio como deportistas. Os deportistas, mellor dito *sportmen*, que comezaban a identificarse como tal neses momentos, podían ocasionalmente participar nestas probas, aínda que eles preferirían as yolas, naves de elevada orixe inglesa que comezarían a introducirse en Galicia a principios do século XX.

Ata aquí temos visto como un divertimento, cun pasado incerto, subsistía nestas épocas e tería capacidade de perdurar mercede ao interese da burguesía. Esas competicións ían ceder o

relevo a outras, cunha base similar pero realizadas sobre embarcacións moito máis rápidas, as traíñas, introducidas na década dos noventa e ligadas ao desenvolvemento do sector conserveiro.

A penetración deste novo modelo de embarcacións e o novo sistema de pesca que traía, desplazando ao que todos coñecían e usaban: o xeito, non foi precisamente popular. A través da prensa finisecular e de toda a primeira década do século XX podemos seguir os múltiples conflitos que se estaban a producir, primeiro entre mariñeiros e conserveiros, logo entre mariñeiros adaptados e inadaptados ás novas artes e tamén entre políticos que asentaban o seu poder nuns ou noutros.

E mentres as clases populares loitaban contra a traíña, esta ía ocupando nas competicións o sitio dos vellos botes. Un bo exemplo é o que acontecía en 1909 no balneario da Toxa, onde as loitas entre as modernas embarcacións patroneadas e tripuladas por mariñeiros - o balneario tiña dúas en propiedade - despertaban as paixóns dos veraneantes que elevaban os seus gritos de ánimo ata confundirse coas notas da banda musical que amenizaba o espectáculo (VIDA GALLEGA, SET.1909).

Na década dos anos dez do século XX as traíñas consolidáronse e os anos vinte, e especialmente os trinta, viron como os fillos da burguesía e das clases medias comezaban a participar nas competicións como tripulantes, representando a clubes ou seccións náuticas dos casinos, competindo contra mariñeiros e militares.

Como podemos observar o acontecido coas regatas de traíñas non distaba moito do que os ingleses, un século antes, fixeran cos seus xogos físicos do pasado: adecuación, regulamentación, asiduedade e competición. Pero a diferenza da *middle class* inglesa, a galega tiña un carácter extra periférico respecto ao centro económico e cultural do mundo. Isto impedía que as súas competicións adquirisen carta de natureza entre os eventos catalogados internacionalmente como deportivos.

A modalidade de remo practicada en Galicia non foi recoñecida nin exportada. Sen embargo a burguesía sempre mantivo estas competicións en contacto coas clases populares, incluso as fomentou durante o primeiro tercio do século vinte, durante o cal o desenvolvemento da sociedade civil e a experiencia asociativa permitiron a creación dunha sociabilidade deportiva máis ou menos popular. Disto á creación e invención romántica dunha tradición só había un paso. Se Galicia tras 1914 fora EEUU, as regatas de traíñas terían sido moi posiblemente tan tradicionais como o baloncesto.

1.3. A innovación

Se nas liñas precedentes temos visto como a mentalidade burguesa rexeitaba ou adecuaba certas prácticas físicas ás súas pautas de comportamento social e forma de vida, representando isto un achegamento máis ou menos inconsciente á modernidade, nas seguintes páxinas comprobaremos como xa dunha forma deliberada, asumirían un ideal modernizador adoptando como innovadoras unhas actividades físicas e lúdicas, primeiro os europeos ximnasiaos e logo os deportes ingleses, que pasarían de ser unha moda á configurarse como unhas actividades cada vez máis cotiás, vinculadas á unha recente e xa imparable cultura do ocio, pero tamén a uns ideais que a partir de aí acompañarían a actividade deportiva no seu desenvolvemento.

En 1879 iniciaba a súa andaina en Vigo unha institución que á postre se convertería nunha das máis emblemáticas da boa sociedade local². O seu nome, *Sociedad Gimnasiomani* manifestaba cal ía ser a máis destacada das súas actividades: a educación física³.

Esta actividade, acompañada da creación de espazos para a súa práctica, eran feitos ben coñecidos nos países con máis peso de Europa, ben na súa vertente militarista ou na que asimilaba o exercicio físico a unha educación integral do individuo, especialmente adecuada para os nenos, seguindo os postulados pedagóxicos verquidos por Rousseau no seu *Emilio*.

O feito de que nunha cidade, máis ben un proxecto de cidade - se atendemos aos cánones modernizadores da época - como era Vigo nesas datas, se organizase un dos primeiros ximnasiaos do Estado español (LAGARDERA, F., 1990), vinculándose así a unha corrente de forte implantación en Europa, non deixa de ser sintomático de que algo estaba cambiando en Galicia.

Vigo, a cidade galega con menos tradición urbana e peso demográfico do territorio galego, contaba cunha burguesía que dende o século XVIII viñera acrecentando o seu poder

² En 1935 a prensa local, rememorando certos acontecementos destacados do pasado entre os que figuraba a organización do ximnasio, dicía dos seus fundadores: *...sus nombres van ligados a los de las familias más distinguidas de la actual sociedad viguesa.* (" Del Vigo pasado ", *El Pueblo Gallego*, 1-1-1935).

³Para non ser repetitivo, dicir que os datos sobre esta sociedade reflectidos nas seguintes liñas obtense de: Inventarios del Gimnasio de Vigo (1879-1911), Arquivo Municipal de Vigo (A.M.V.), Soc.7.

económico e social, consolidándose plenamente no último tercio do século XIX. Estes grupos burgueses, representantes do comercio, das casas consignatarias navais ou tímidas industrias, comezarían a transformar a cidade, derrubando as vellas murallas, plantexando un novo trazado urbano e, a partires de 1880, dando os primeiros pasos cara á industrialización, a través das conserveiras e os asteleiros (CARMONA, J., 1990).

O dinamismo destes grupos, integrados nun mundo comercial e industrial, pemitiríalles contemplar o considerable crecemento da cidade, pasando nas primeiras décadas do século XX a ser a segunda poboación, en canto ao número de habitantes, de Galicia.

Esta burguesía manifestaba unha forma de pensar e de actuar, por dicilo dunha maneira simple, moderna, e aínda que en termos estrictamente cuantitativos puidese parecer irrisoria ao comparala con países como Inglaterra ou Alemaña, cualitativa e socialmente era nestes nos que se vía reflectida. O exemplo de Vigo pon de relevo a existencia duns grupos burgueses que ansiaban semellarse aos seus iguais europeos no seu diñeiro e poder e tamén nos seus gustos sociais.

A presenza do Ximnasio, onde se podía practicar algo tan novidoso por aquelas datas como a educación física, era motivo de orgulo para a cidade, como así o manifestaba a prensa local, afirmando que nada tiña *que envidiar a los de su clase tanto nacionales como extranjeros* (FARO DE VIGO, 21-I-1880).

Pero esta implantación da sociedade burguesa propagaríase durante as dúas últimas décadas do século por todas as cidades galegas, dende as que contaban cunha burguesía liberal e emprendedora como A Coruña, ata as máis modestas, centradas no comercio caso de Lugo, Compostela e principalmente Ourense, que dende principios dos anos oitenta, mercede á liña férrea que a unía con Vigo, tiña a posibilidade de unirse ao mar, aos portos, ao comercio, ao novo... e entre esas novidades: a proliferación de ximnacios, primeiro paso cara ao posterior desenvolvemento da cultura deportiva no Estado español e en Galicia.

Para adentrarnos dun xeito máis pormenorizado, nas primeiras relacións da burguesía co exercicio físico, e tamén nos seus propios valores ideolóxicos e sociais, será necesario coñecer máis detalladamente como se conformaba e que prácticas eran as máis habituais dentro do seu novo centro social, o ximnasio.

Boa parte dos fundadores e asiduos do ximnasio de Vigo eran homes de ideoloxía liberal, destacando a figura colectiva dos irmáns Conde, consignatarios navieiros ligados, especialmente a través de Fernando Conde, á figura do lider local do liberalismo, Urzaiz. Pero esta primacia de burgueses liberais non sería sufecente para evitar que as primeiras actividades físicas tivesen un

claro matiz aristocrático. A esgrima e o tiro poderían moi ben representar esa relación que a historiografía tanto ten sinalado, entre a burguesía e as elites do antigo réxime, ou cando menos cos seus herdeiros.

Sen embargo as sás destinadas a estes exercicios ocupaban un espacio pequeno e o seu regusto aristocrático - entendida esta expresión como nostalxia do pasado - contrastaba coa prensa de indudable carácter modernizador á que a sociedade se suscribía (*La Ilustración Americana, La Ilustración Gallega*), así como coa variada bibliografía, incluíndo a escrita en lingua inglesa, do seu salón de lecturas.

Pronto unha nova actividade íase ir impondo, a práctica da ximnasia, arredor da cal xiraba un debate en todo o Estado, entre posicións conservadoras, partidarias da súa utilidade militarista, e diversos grupos liberais, dende os que, sen rexeitalas, matizaban as posturas conservadoras ata os que aborrecían a obrigación da educación física nos institutos polo seu marcado carácter belicista, pero valoraban positivamente a súa faceta como formadora integral do individuo, asignándolle un importante papel na sociedade (LAGARDERA, F., 1990; 1992).

Como respostando a este debate, o ximnasio de Vigo, ao igual que os que posteriormente se organizarían noutros puntos de Galicia, tiña unha total desvinculación respecto ao entramado estatal, o seu carácter era privado e dende finais dos oitenta, en sintonía cos de outras cidades do Estado español, comézanse a fomentar as evolucións máis modernas da ximnasia (HOJA DEL LUNES, 26-5-1941) - moi alonxadas do marcial espírito guerreiro - chegando a algunhas ocasións a fundir a música cos movementos, primeiros pasos da ximnasia rítmica (hoxe, asentada como deporte de competición e cuestionada dende algúns sectores da sociedade, xa que semella estar nas mans daqueles militares prusianos e os seus ideais ximnásticos contra os que esta modalidade foi desenvolvéndose).

Pero ademáis de perseguir o abstracto principio de modernidade, tamén a burguesía acomodaba a educación física a unhas demandas máis pragmáticas, que axudarían a extender a súa práctica, vinculándoa coas necesidades médico-hixiénicas dos individuos:

Son varias las clases que asigna su reglamento (referíndose ao ximnasio de Vigo), y a ellas concurren unos cien niños de ambos sexos de 5 á 13 años de edad, que divididos en secciones nos han sorprendido con sus variados ejercicios, higiénicos todos, y por

lo tanto útiles, razón que por si sola se recomienda a los padres de familia (FARO DE VIGO, 21-1-1880).

A hixiene, tanto pública como privada, atraía cada vez máis a atención da sociedade. Non era pois produto da moda, que uns sectores que lograsen unhas cotas elevadas de benestar: comida, vestido, casa e diñeiro, amosaran preocupación por un tema que facía mella nos seus fogares, a enfermidade: *Tal vez al descuido que las clases acomodadas han tenido en la educación de sus hijos se deba la vulnerabilidad orgánica de la actual generación, combatida por el destructor influjo de la anemia, la escrofulosis, el tubérculo y todo linaje de trastornos nerviosos* (REVISTA DE LA SOCIEDAD ECONÓMICA DE SANTIAGO, 30-VI-1888).

Como tiñan fe no progreso e na ciencia, puñan nas mans dos médicos as súas esperanzas, e estes prescribían como medida preventiva de primeira orde a hixiene, para a que aconsellaban saír do ambiente urbano de cando en vez, mellor a centros de saúde... e ocio, como os balnearios e facer ximnasia: *...la ciencia médica se preocupa en la actualidad hasta tal punto de esto, que lo tiene anotado entre los preferentes; y bien puede decirse que cada médico es hoy un apostol de la gimnasia* (REVISTA DA LA SOCIEDAD ECONÓMICA DE SANTIAGO, 30-VI-1888).

Así, durante as décadas dos oitente e noventa, á vez que a figura do médico facíase familiar nas casas burguesas (PERROT, M., 1989), a ximnasia comezaba a valorarse e practicarse tanto na privacidade das vivendas como en centros, dende os estrictamente terapéuticos, como o que a través da prensa se anunciaba na Coruña en 1886 (LA VOZ DE GALICIA, 6-VIII-1886), ata os que combinaban a saúde, a estética e a vontade de modernidade, como o organizado en Compostela polos membros da *Sociedad Económica* en 1888.

Pero quizáis de todos os que viron a luz en Galicia, especialmente nos anos noventa, fose o máis representativo o de Ourense, dirixido por M. Ordax, médico vencellado a correntes terapéuticas moi en boga en Europa e USA, pioneiro e introductor no Estado español do *massage* e a *mecanoterapia* (GARCÍA FRAGUAS, J. E., 1901) e un dos primeiros en organizar un ximnasio en Madrid. Pero á súa vez era este un individuo dinámico e proclive á modernización das prácticas deportivas. De aí a súa relación coa Federación Gimnástica Española, da que era socio fundador e un dos seus tres vicepresidentes (RODRÍGUEZ RUÍZ, R., 1902). Esta federación veu posibilitada a súa organización mercede ao entendemento entre os sectores, relacionados coa educación física, máis activos do Estado, especialmente de Cataluña (LAGARDERA, F., 1990; 1992).

O feito de que unha figura como a de Ordax tivera unha satisfactoria acollida entre a burguesía ourensá, non deixa de ser sintomático da aposta que esta facía pola modernidade á altura dos anos noventa do século XIX.

A relación entre saúde, exercicio e modernidade era algo evidente, e unida ao tempo libre que a burguesía e sectores das clases medias, especialmente as profesións liberais, convertían en tempo de ocio, permitía un paulatino desenvolvemento de novas posibilidades de sociabilidade, nas que o benestar e o melloramento físico cobraban especial protagonismo. Entre estas actividades cabería destacar a caza, pero tamén outras máis novedosas como o *skating*, nome polo que se coñecería ao patinaxe, practicado en sás habilitadas dos ximnasios (novamente é a través do ximnasio de Vigo como constatamos nos primeiros anos oitenta a introdución deste deporte en Galicia). Sería un tímido precursor - porque aínda non ousaba ocupar os espazos públicos - dunha serie de deportes que, dende o ciclismo á aviación, utilizarían unha máquina como complemento das posibilidades físicas dos individuos, en paralelo coa utilización cada vez máis común dos inxenios mecánicos na súa vida tanto económica como cotiá.

En liñas posteriores desenvolverase máis este tema en relación co mundo da bicicleta. Pero agora imos centrarnos noutro deporte que comezaba a dar nestas datas os seus primeiros pasos en Galicia: a natación.

Eran os inicios do que despois pasaría a ser un dos máis representativos deportes olímpicos e na actualidade un dos máis practicados, moito máis que con fins competitivos, por vontade terapéutica e hixienista, a mesma coa que comezou a súa popularización.

Os primeiros pasos en pos da natación encamiñaba ás xentes de posibles preferentemente cara ao mar, implicando desprazamentos e fundación de casas de baño, e se ben xa era esta unha práctica coñecida antes do último tercio do século, sería no transcurso desas décadas cando estes lugares iríanse configurando como puntos de encontro veraniegos, cada vez máis usuais na sociedade elegante, onde ademáis do placer de nadar *se daban conciertos, se cantaba, se bailaba, se hacía el amor y su poquito de gimnasia y el que tenía buenos biceps los lucía* (GALICIA MODERNA, 15-VIII-1897).

Caminábase cara unha paulatina e meirande liberalización dos corpos, especialmente dos masculinos, que podían amosar a súa musculatura ao ar libre, recordando aos gregos clásicos polos que naquelas datas e décadas despois - en paralelo cos logros da arqueoloxía, a sistematización dos historiadores e ás necesidades dun pasado culto e elevado para as nacións

de Europa, quizáis un tanto saturadas de romanticismo medievalista - a sociedade burguesa sentía admiración. Incluso idealizaba, atribuíndolle á Grecia clásica, no referente ao ámbito físico-corporal, non só a facultade de ter sido capaz de harmonizar o esmerado cultivo do corpo co avanzado desenvolvemento do intelecto, senón tamén a proliferación de individuos con musculaturas semellantes ás das idealizadas estatuas de Fideas ou Praxiteles e como guinda a organización duns xogos olímpicos cunha normativa e regulamentación - nada máis lonxe da realidade - similar á dos modernos deportes ingleses cos que en 1896 iniciárase a primeira Olimpíada moderna.

...es de todas suertes desacertado y fuera de norma el cuidar exclusivamente de uno de los componentes del hombre en derimento del otro, no menos digno de consideración y de cuidados (...) Creemos sin embargo en contra de determinadas escuelas que la estética es algo más que mero adorno; y que la conservación de la belleza debe entrar por mucho en la legislación y en las costumbres. Pero sin llegar al extremo de las naciones aludidas (os gregos), menos sabias acaso, pero infinitamente más artistas que nosotros, bien se puede en la época presente volver los ojos a sus costumbres y tomar de ellas lo bueno en que abundaban (REVISTA DE LA SOCIEDAD ECONÓMICA DE SANTIAGO, 30-VI-1888).

2. Máquinas e individuos nunha sociedade aberta e competitiva: o velocipedismo

Dende finais dos setenta e ao longo dos oitenta, asistimos á importación de prácticas deportivas acordadas coa mentalidade moderna dos seus promulgadores. Pero a diferenza do que sucedería na década seguinte, quedaban circunscritas a recintos pechados, foran casas particulares, ximnasios ou balnearios.

Sería mediante o velocípedo - nome co que se recoñecía á bicicleta, debido á velocidade que alcanzaba este novidoso artiluxio - como o exercicio físico comezou a presentarse nos lugares públicos.

Os primeiros contactos que en Galicia se estableceron co velocipedismo - a parte das experiencias persoais dos que viaxando puideron coñecerlo en diferentes cidades de Europa -

foron a través da prensa local, na que dende Madrid, os socios da primeira asociación do Estado, lanzaban mensaxes de propaganda, tentando difundir o interese polo novo deporte (LA VOZ DE GALICIA, 6-8-1886).

Os seus desvelos veríanse recompensados ao organizarse no ano 1887, en Vigo, unha pioneira sociedade velocipedista. Nela destacarían algúns individuos que, ao igual que os líderes doutros movementos sociais e cun comportamento similar, moi ao gusto da época, consolidarían e difundirían a súa mensaxe hixiénica e deportiva por toda Galicia, sendo recordados unha década despois como os apóstolos dunha exitosa causa (GALICIA MODERNA, 15-X-1897, N112).

A Galicia dos anos noventa contemplou como un grupo cada vez máis numeroso, maiormente de mozos - e algunha que outra moza - fillos da burguesía, estaban a converter o velocipedismo nunha actividade cada vez máis cotiá nas súas vidas. Ao mesmo tempo esta combinación de *sport*, vida sá e ocio que tiña diversas manifestacións, dende a máis bucólica, organizando neorrománticas excursións campestres, ata a máis diplomática, a través das visitas que os *sportmen* dunha cidade facían aos do resto de Galicia, íanse reflectindo cada vez máis nas prensas locais. Incluso, cando o século chegaba ao seu fin, as páxinas dunha revista amante do progreso e con talante modernista, *Galicia Moderna*, a petición dos seus lectores, describían o éxito do deporte das dúas rodas no territorio galego, contando cás que todas as súas cidades con sociedades consagradas a el (GALICIA MODERNA, 15-X-1897, N112).

Ata aquí temos visto como un novidoso deporte, e o que conlevaba de modernidade, se difundía, se mostraba en público e se facía obxecto de seguimento na prensa - chamada a partir da aí a xogar un papel importante no desenvolvemento da cultura deportiva. Pero o velocipedismo serve para representar novos valores da sociedade que o acollía. Por enriba de todos destacaríamos dous: o interese polas máquinas nun mundo no que a industrialización, máis ou menos lonxana, estaba presente, e o interese pola competición nunha sociedade no que cada vez quedaban máis constatadas as posibilidades dos individuos de competir por chegar a unha meta, de competir contra o tempo e de competir contra si mesmos por superarse, nun entorno que, a diferenza do de épocas pasadas, alentaba e permitía escalar posicións no entramado social.

Ao longo das seguintes liñas iremos pois, de vagar, establecendo conexións entre o asentamento en Galicia do primeiro deporte de competición moderno que se importaba, e o sentir e manifestarse duns determinados grupos sociais, representantes da burguesía.

Para comezar nada mellor que facelo co propio velocípedo entendido como unha máquina máis. A adopción deste artefacto singularizaba aos seus usuarios dentro da sociedade, diferenciándoos dos situados por baixo do seu status social, que non tiñan diñeiro para posuír aquela costosa novidade, nin tempo para o seu disfrute, e que quizáis tampouco foran quen de apreciála - só décadas despois unha vez socializados no mundo da competición deportiva, a través do fútbol, e cando as bicicletas pasasen a ser o seu medio de transporte, comezaron a utilizalas como deportistas, co que ademáis de triunfos atléticos obterían algúns ingresos económicos.

Tamén manifestaban unha mentalidade ben diferente á doutros grupos, que non tiñan porque ser superiores economicamente pero manifestaban unha conciencia elevada da súa existencia e do seu xeito de vida, para os que cansarse nunha estrafalaria máquina de dúas rodas non tería comparación coa fatiga producida polo galope dun cabalo.

Como paradigma do grupo máis vencellado á utilización destas máquinas deportivas cabería destacar ás familias pioneiras da industrialización, *...ahí están los Curberas (... Barreras...*(GALICIA MODERNA, 1-IX-1897, N19). Así, á vez que Vigo crecía industrialmente, os que anos despois dirixirían ese proceso, participaban exitosamente nas carreiras ciclistas, tanto en ruta como en velódromos, que cada vez con máis frecuencia íanse celebrando por toda Galicia durante a época estival. Primeiro por mor das festas locais e despois tendo as competicións un valor en si mesmo, convertíndose nun acontecemento coa suficiente entidade para atraer un considerable número de persoas, tanto participantes como espectadores, e tamén á prensa.

O feito de presenciar ou participar en competicións físicas non era algo orixinal desta sociedade, aí estaban os cada vez máis arrinconados xogos tradicionais. Pero si o era a práctica eliminación do azar e a improvisación nas probas - incluso o triunfo final sería nunha proporción moi elevada para o máis preparado fisicamente. As competicións ciclistas terían que suxetarse a unhas normas de conducta e de participación que rexían internacionalmente - como as da economía - acomodadas ao sentir dun país puritano e industrial, Inglaterra, que non só exportaba técnica e ciencia senon mentalidades e comportamentos. Así os competidores composteláns, romanos ou barceloneses tiñan que acollerse a unha mesma disciplina, que equiparaba as probas tanto na súa configuración interna como externa. No caso de Galicia quedaban supervisadas pola Unión Velocipédica Española (U.V.E.): *...se correrá por series, con traje de carreras, que será obligatorio y habrá jurado, Juez de salida, Contra-Starter, Jueces de llegada, Jueces de tiempo, Contador de vueltas y Comisario de pista* (GALICIA MODERNA, 15-10-1897, N112).

Atopámonos ante un xeito de competir novo ao que se lle ía sumar un valor, en alza en calquera economía moderna, que cobrava unha importancia significativa: o tempo.

Os campeóns non só obtiñan unha victoria inmediata, con ela viña unha marca, uns minutos e segundos que transcendían o momento e o espacio, e que pasaban a competir con outros cronos máis aló da presenza física dos seus posuidores. O deporte, e concretamente o velocipedismo, practicado sobre unha máquina que combinaba a velocidade coa potencia do individuo, pasaba a ser un dos máis claros expoñentes do ocio dunha sociedade, na que o tempo era cada vez máis importante no mundo do traballo, derivado isto das necesidades da produción industrial que consideraban como un exitoso ideal de competitividade o feito de producir o máximo nun tempo mínimo.

Había en Vigo dos ciclistas que vestían elegantes trajes azules, que gastaban macfarland y que presumían de poseer cierta distinción (...) El uno era médico ya y se llamaba José del Rio. Yo era el otro. (SOLÁ, J., 1931). Os *sportmen* - mozos distinguidos que falaban, vestían e incluso algúns pensaban, dun xeito por eles mesmos entendido como moderno - realizaban ao competir unha actividade con sentido no seu mundo, por iso as confrontacións ciclistas ían contando cun público e uns benefactores que, lonxe de consideralas unha frivolidade ou unha moda, tiñan un alto concepto delas. Así os competidores gañábanse os aplausos e a admiración dos espectadores e os triunfadores vían recompensados os seus esforzos coa obtención dunha copa ou medalla e en moitos casos cun premio en metálico, gratificándose ao campeón cun símbolo eminentemente mercantil, o diñeiro, evidenciándose así o alto recoñecemento social que tiña a súa xesta.

...los premios serán 200, 100 y 50 pts. para la internacional, objeto de arte para la local y el handicap infantil y para la regional; 50 y 20 pts. para la de consolación; y para la peninsular 10 pesetas al que primero pase la meta en cada vuelta y 5 pts. al que le siga, adjudicándose además 50 pts. al que primero haga las quince vueltas, 30 al segundo y 15 al tercero.
(GALICIA MODERNA, 15-10-1897, N112).

Este texto pon de relevo a monetarización do deporte, incluso nas probas con carácter internacional, cousa que debe facernos reflexionar sobre o amateurismo, tido en alta estima no

elitista deporte inglés, e que na Península resultaba ser moito máis difuso, como ben amosa Lagardera (1990) para o caso de Cataluña.

O velocipedismo, ao igual que os demais deportes que tras el irían chegando dende Inglaterra ao Estado español e a Galicia, nunha cronoloxía similar á do resto do continente, como fillo do seu tempo representaba as inquietudes dunha burguesía que paulatinamente ía manifestando na sociedade e fundíndoos con ela, valores como o de tempo, máquina e modernidade, e tamén representaba a exaltación do individuo e da súa capacidade por superarse a si mesmo.

Ese afán de superación podemos vinculalo a un ideal rexeneracionista que a nivel físico non habería que circunscribilo só ao Estado español e ao *desastre* de 1898, senón que tería unha dimensión internacional anterior e posterior a tan significativa data. Ese rexeneracionismo, que se asía ao exercicio físico como taboa de salvación, era abrazado por cada país para mellorar *a raza* - palabra utilizada naqueles momentos e durante o primeiro tercio do século XX sen nengún pudor - e para apartar de malos hábitos aos seus habitantes.

A burguesía galega tamén aceptaría este discurso, como así o amosan os recordos dun periodista que na súa xuventude, a finais de século, participara na vida ciclista e deportiva da súa cidade, sostendo que tanto el como outros mozos *se abstendían de entrar en las tabernas y de acercarse a cualquier clase de garitos*. (SOLÁ, J., 1931).

Se do plano físico ou físico-moral, pasamos a unha dimensión social, observamos como tamén o deporte conectaba coa mentalidade dunha parte da burguesía que quería construír unha sociedade máis acorde cos seus principios, incluído o plano político. Esa burguesía no Estado español aproximouse ao discurso rexeneracionista que se veu potenciado pola figura de Costa e a perda das últimas colonias en 1898.

En Galicia certas familias da burguesía industrial, destacando os Curbera en Vigo, vinculábanse á esquerda liberal e ao rexeneracionismo costista e ao mesmo tempo, como xa temos comprobado, potenciaban e participaban no desenvolvemento do velocipedismo. A relación entre o deporte e eses ideais é fácil de entender se pensamos que a mentalidade e ideoloxía destes grupos burgueses defendían unha sociedade máis aberta, na que os individuos puideran medrar política e socialmente, lonxe dos encorsetamentos sociais que pervivían do pasado. Querían construír unha auténtica sociedade burguesa na que os homes - e moito menos

as mulleres - puidesen facerse a si mesmos a través do esforzo e a superación.) Non tiñan estas frases moito de deportivas ?

Y es que en los ejercicios corporales como en los demás, todo pueden hacerlo el esfuerzo metódico, el entusiasmo, la perseverancia y el optimismo. Este sobre todo. Yo llevaba muchos kilos de optimismo sobre las ruedas de mi máquina. Así pedalee, en la bicicleta y fuera de ella, por casi todas las metas de mi vida. Y si no vencí siempre, supe levantarme con una nueva fé puesta al principio de un nuevo camino apuntando a una nueva meta...
(SOLÁ, J., 1931).

O desenvolvemento do tema ata aquí, temos permitido comprobar como partindo das aspiracións de modernidade dunha burguesía, que quizáis fora cada vez tendo máis conciencia de clase, o deporte íase asentando na sociedade. Tamén comprobamos que diferentes aspectos ou cuestións de interese social, relacionábanse co mundo físico, dende a máis evidente como as súas aspiracións burguesas á resistencia física, ata as recónditas relacións entre as máquinas para o ocio e as máquinas para o traballo e a produción, co deus cronos presidindo os altares do progreso.

Nas liñas seguintes, moi brevemente e para concluir, veremos como precisamente sería a través dese maquinismo-velocipedismo como o *sport* comezaría a repercutir dun xeito máis material na mesma sociedade que o adoptara. Dunha maneira tímida estábanse a xestar en Galicia os primeiros negocios que tiñan como obxecto o deporte - nada en comparación co que nesas mesmas datas sucedía en Inglaterra (LOWERSON, J., 1993) ou co que se iría desenvolvendo en todo o Estado español no século seguinte, para comezar o século XXI coa asociación deporte-diñeiro na mente de calquera persoa.

O gusto da burguesía polos velocípedos permitiría a fundación de tendas para a súa venta, talleres para a súa reparación ou un pouco de ambas cousas, que anunciaban as novidades en canto a maquinaria e o ben facer dos seus profesionais, na prensa e revistas tanto locais como de máis amplo radio de difusión.

Talleres e ximnacios pagaban anuncios na prensa para ampliar o seu circulo de clientes, estes anuncios comezaban a ser pois unha fonte de ingresos para os medios de comunicación que á súa vez íanse decatando de que a inclusión de noticias deportivas nas súas páxinas tiña boa

acollida dos lectores, cousa evidentemente boa para o negocio. Pero non sería nestas datas cando este fenómeno tivese a súa eclosión senón décadas despois, cando os valores burgueses, e o deporte era un claro expoñente deles, se extenderan entre outros grupos sociais. Pasando o fenómeno deportivo de ser unha moderna maneira, burguesa e distinguida, de civilizar o corpo e o espírito, a configurarse paulatinamente como un fenómeno de masas, chegando algúns a considerar o século XX como a centuria do deporte. Sen embargo para outros estes cen anos caracterizaríanse polas grandes guerras, das que a pesar das opinións de diversos autores, o *sport* non foi substituído.

CONCLUSIONES

Coido que os obxectivos co que partía esta investigación chegan cumpridos á hora de abordar unhas liñas que servan de conclusión. O primeiro elemento digno de mención é o feito de que antes da incorporación de prácticas deportivas novidosas, algúns xogos físicos como o frontón e o remo, que contaban xa cunha tradición urbana, foron regulamentados e adecuados para formar parte das diversións das mesma sociedade que abrazaría a ximnasia e o *sport*. Durante o último tercio do século XIX estas novidosas actividades - a ximnasia, menos novidosa en Europa, e o *sport*, incorporado aos hábitos de vida da burguesía galega ao mesmo tempo que no resto de Europa - que poderíamos describir como moito máis que recreativas ou de ocio, pasaban, da man da burguesía, de ser un modesto, civilizado e moderno alegato a favor da hixiene e a estética a converterse nun símbolo da máis avanzada modernidade e consecuentemente un valor social.

Dentro da relación burguesía-modernidade-industrialización cómpre destacar como serían os grupos vinculados aos asteleiros e á conserva os que xogarían un papel primordial no desenvolvemento dos deportes províntes de Inglaterra, nestas datas o antepasado do ciclismo e en datas posteriores El-rei fútbol.

A implantación do deporte non se podería entender sen o motor da burguesía, pero ese motor ía funcionar cun combustible cultural e mental sin o cal sería impensable o seu éxito social. Combustible que aínda hoxe en día segue nutrindo boa parte do discurso existente en torno ao fenómeno deportivo. Ao longo do artigo temos sinalado diferentes elementos que todo historiador que teña como obxecto de estudio o deporte e a sociedade deberá ter en conta:

1) A cultura da modernidade, o sentimento de querer pertencer a un mundo civilizado e de progreso, así un ximnasio *atendido y montado conforme los adelantos más recientes de la higiene, se recomienda á la sociedad en general (...) y no hay nación civilizada que no cuente con centros de esta especie* (FARO DE VIGO, 21-1-1880).

2) A confianza na ciencia: a medicina, a hixiene e a ximnasia preventiva

3) Estética-cultura: a delgadez e a musculatura a idealización da Grecia clásica.

4) O interese pola técnica: deporte e máquinas (*skating/velocipedismo*).

5) Unha mentalidade adaptada ao seu mundo e os novos valores: competición-tempo (ocio-traballo-producción)-afán de superación.

6) algúns condicionantes socio-políticos do momento: o rexeneracionismo-diversas visións da idea no plano físico-diversas actividades en torno ao deporte.

Todas estas variables, que para o seu meirande entendemento cómpre desglosar, actuarían conxuntamente como elementos que a burguesía e a súa subxectiva visión da modernidade implantaban nunha sociedade competitiva. E competir con normas que favorecían aos máis preparados, sen suciedade, era un ideal que, o futuro amosaría, non se cumpriría nin no deporte.

BIBLIOGRAFÍA:

ALARCÓN, T. (1900): "Importancia de las sociedades protectoras de caza y pesca", en: *Gaceta de Galicia* 21-4.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1984): *Historia contemporánea de Galicia IV. Economía y sociedad*; Eds Gamma, A Coruña.

CARMONA BADÍA, J. (1990): "Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936", en: J. Nadal e A. Carreras (dir. e coord.): *Pautas regionales de la industrialización española (siglos XIX-XX)*; Ariel, Barcelona.

GARCÍA FRAGUAS, J. E. (1901): *El medicamento ejercicio corporal*; Biblioteca de la regeneración física, Madrid.

GUTTMANN, A. (1978): *From Ritual to Record*, Columbia University Press, New York.

HOLT, R. (1985): *Sport and Society in Modern France*, The MacMillan Press LTD, London.

LAGARDERA OTERO, F. (1990): *Una interpretación de la cultura en torno a los orígenes del deporte contemporáneo en Cataluña*, Tese doutoral inédita, Universidade de Barcelona.

LAGARDERA OTERO, F. (1992): "De la aristocracia gimnástica al deporte de masas: un siglo de deporte en España", *Sistema*, N1 110-111, pp. 9-35.

LOWERSON, J. (1993): *Sport and the english middle classes. 1870-1914*, Manchester University Press, Manchester.

MANDELL, R. (1984): *Sport: a Cultural History*, Columbia University Press, New York.

PERROT, M. (dir.) (1989): *De la Revolución francesa a la Primera guerra mundial*, en: P. Aries e G. Duby, *Historia de la vida privada*, vol. IV, Taurus, Madrid.

PIVATO, S. (1991): *I terzini della borghesia: Il gioco del pallone nell'Italia dell'ottocento*, Leonardo, Milano.

PIVATO, S. (1992): "Le pratiche ludiche in Italia fra l'età moderna e contemporanea" in: F. Tarozzi e A. Varni (a cura di) *Il tempo libero nell'Italia unita*, CLUEB, Bologna, pp. 11-20.

RODRÍGUEZ RUÍZ, R. (1902): *Estudio de la gimnástica desde el punto de vista de la higiene pública*, Tipografía La Académica, Barcelona.

SOLÁ, Jaime (1931): "Mis memorias: un inesperado éxito ciclista", *Vida Gallega* 20-12.

WEBER, E. (1990): *La Francia fin de siècle*, il Mulino, Bologna.

PRENSA:

- * *Faro de Vigo* (1879,1880)
- * *Galicia Moderna* (Compostela) (1897)
- * *Hoja del Lunes* (Vigo) (1941)
- * *Pueblo Gallego, El* (Vigo)(1935)
- * *Revista de la Sociedad Económica de Santiago* (1888)
- * *Vida Gallega* (Vigo) (1909/1931)
- * *Voz de Galicia, La* (A Coruña) (1886)

ARQUIVOS:

Arquivo Municipal de Vigo (A.M.V.):

- Inventarios do ximnasio de Vigo (1879-1911) (SOC. 7).